

iasacrebordaosabocza
roroacaoclitocopahaam
daodevenoaaagnoranra
eriuganemragcdndrsar
eaast **atopando** eteaime
nmmdaefoonasmaeasral
ziiieoibsb **compostela**
aooaarartdasooartmee
idanloiaeoncsmriardv
oxosbmdlccotpebvooo
am **Xogar coa toponimia** ñ
l xobdñeaisnolsadonta
laariovintecatroyrim
budiónoesrohuesnadao
obraoanlvorouluaacar
onxofechaniuoavsaaaso
sparnrribsaaclamaasda
degzramealialiacastnib
llouvilariññvrinsraa
qubgamilenaooasoq
loasarelarcornes
elrabieicsramointeli



Xogar coa toponimia: aTOPando compostela

a t o p a n d o

c o m p o s t e l a

Promoción

Concello de Santiago de Compostela
Concellaría de Normalización Lingüística

Autoría

Asociación Galega de Onomástica

Xosé Ramón López Boullón
Xulia Marqués Valea
María Luz Méndez Fernández
Gonzalo Navaza Blanco

Creación

Etnoga Patrimonio Cultural, S. L.

Deseño

Rosa Herraiz Cabanas

ISBN13

978-84-694-1518-4

DL

C 634-2011

Este xogo pretende achegarlle ao alumnado o interesante mundo da Toponimia e, en concreto, a toponimia do seu concello.

Aínda que aquí se manexa unha cantidade considerable de nomes de lugar, o obxectivo non é que os aprendan de memoria, senón que se familiaricen coas denominacións que os habitantes de Galicia adoitamos (adoitabamos) darlles ás partes do noso territorio e cos seus nomes de lugar máis próximos.

O estudo dos nomes de lugar proporciona unha interesante información sobre a lingua e sobre o medio en que vivimos. Os topónimos son palabras conservadoras que mudan moi lentamente a través do tempo e, polo tanto, axúdannos a coñecer como se falaba antes e como ían as xentes habitando o territorio.

A toponimia é tamén un instrumento de grande axuda para a cartografía e, actualmente, determina cal é o nome correcto dun lugar para que se poida situar con exactitude nun mapa e logo o poidamos localizar doadamente.

A toponimia non é fácil. Hai que ter bos coñecementos da lingua e do territorio para interpretar un nome de lugar. Os topónimos poden ser escuros e daquela moi difíciles de desentrañar (ás veces mesmo imposible) ou transparentes, aínda que ata estes poden ter trampa e estar a nos enganar.

Coñecer como funciona esta ciencia axúdanos a respectar estas palabras que son verdadeiros tesouros do patrimonio por antigos e por toda a información que nos poden achegar. E o respecto polos nosos nomes de lugar evitará que corran os riscos que correron noutros tempos e que seguen a correr. Riscos coma a deturpación que sofren cando un pobo con outra lingua nolos quere cambiar á forza. Pasou cos romanos cando chegaron a Galicia e alteraron os nomes autóctonos adaptándoos ao latín. Pasou cando en distintos momentos da nosa historia algúns gobernos impositores substituíron oficialmente os topónimos propios por formas alteradas na lingua oficial, o castelán (O Carballiño, *El Carballino*; Pontearreas, *Puenteareas*; Rianxo, *Rianjo*; etc).

Pero aínda hai outros perigos que perseguen a nosa toponimia. Cando se crean novos espazos no territorio (urbanizacións, polígonos industriais, etcétera) dáselles nomes sen ter en conta que eses lugares posiblemente xa tiveran unha denominación, polo que se están sepultando tesouros antiquísimos que xa non volveremos recuperar. Ademais, en non poucas ocasións, os novos nomes son moitas veces exóticos e banais e que nada teñen que ver coa maneira de denominar tradicional.

Noutros casos, a urbanización constante e o abandono do mundo rural fai que miles e miles de pequenos nomes de lugar (pequenos en extensión pero nunca en importancia) se estean esquecendo porque os lugares están quedando desertos e sen traballar, e xa non hai xente que saiba como se chaman nin que significan.

Os topónimos, os nomes de lugar, como parte da Onomástica e da lingua están protexidos na Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos:

Artigo 31

Toda comunidade lingüística ten dereito a preservar e usar en tódolos ámbitos e ocasións o seu sistema onomástico.

Artigo 32

1. Toda comunidade lingüística ten dereito a facer uso dos topónimos na lingua propia do territorio, nos usos orais e escritos, e nos ámbitos privados, públicos e oficiais.

2. Toda comunidade lingüística ten dereito a establecer, preservar e revisar a toponimia autóctona. Esta non pode ser suprimida, alterada ou adaptada arbitrariamente, como tampouco pode ser substituída en caso de cambios de conxunturas políticas ou doutro tipo.

Todo isto é o que lles queremos transmitir co xogo **aTOPando compostela** aos vosos alumnos e alumnas. E gustaríanos contar convosco. Neste documento, o profesorado encontrará unha serie de orientacións (á maneira dun esquema de unidade didáctica) que lles poderán ser útiles para introducir aos rapaces e as rapazas no mundo da toponimia.

Obxectivos

Aprender os conceptos de Onomástica e Toponimia.

Coñecer algún vocabulario básico en relación coa toponimia e a lingüística.

Coñecer que os topónimos son nomes propios e por iso se escriben con maiúsculas e teñen comportamentos ortográficos especiais.

Aprender posibles clasificacións dos topónimos.

Adquirir conciencia do valor patrimonial dos topónimos.

Aprender cal é a organización administrativa do territorio.

Relacionar a toponimia co medio. A toponimia describe o medio.

Valorar a natureza e o territorio como fonte de coñecemento.

Colaborar na conservación e na transmisión do patrimonio.

Recoñecer a importancia dos ascendentes (pais, avós...) como preservadores da nosa bagaxe cultural.

Valorar os nomes de lugar como símbolos da nosa cultura.

Aprender o valor da colaboración na investigación e no xogo.

Contidos. Conceptos

Vocabulario básico en relación cos nomes de lugar.

Vocabulario básico en relación coa organización do territorio.

Achega á toponimia do concello.

Significado do nome de lugar (para que serve e que esconde).

Nome de lugar como fonte de coñecemento.

Nome de lugar como patrimonio inmaterial.

Organización territorial do mundo rural e do mundo urbano.

A enquisa toponímica.

Contidos. Procedementos

Busca e memorización do vocabulario toponímico.

Diferenciación da organización do territorio.

Clasificación semántica de topónimos transparentes.

Clasificación léxica de topónimos transparentes.

Clasificación gramatical de topónimos.

Manexo de distintos tipos de mapas.

Práctica da técnica da enquisa entre o alumnado.

Contidos. Actitudes

Respecto polo patrimonio.

Interese pola corrección e o significado dos nomes de lugar.

Traballo en equipo.

Solicitar información con respecto e educación.

Valoración das distintas formas de hábitat.

Resposta a quen solicita axuda.

Competencias básicas

Competencia en comunicación lingüística

Utilizar a lingua correctamente.

Expresar e interpretar conceptos, pensamentos, sentimentos, feitos e opinións a través de discursos orais e escritos.

Interactuar lingüísticamente en todos os posibles contextos sociais e culturais.

Ampliar o vocabulario e o léxico.

Identificar as características propias da lingua falada para interpretar e producir discursos orais axeitados a cada situación de comunicación.

Ler e escribir e desenvolver habilidades para buscar, recompilar, seleccionar e procesar a información.

Comprender e producir distintos tipos de textos de acordo coas normas.

Coiñecer e aplicar moitos aspectos xerais da lingua; proporcionar moita información sobre a lingua:

Fonética: dos trazos lingüísticos do concello de Santiago de Compostela.

Etimolóxica: orixe, forma, fonte e significado.

Con respecto á súa normalización, á adquisición, á estrutura e á funcionalidade dunha lingua.

Competencia matemática

Traballar o razoamento, resolver dúbidas e problemas.

Interpretar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións.

Estimar a validez desas argumentacións e informacións.

Identificar situacións, palabras que requiren da aplicación de estratexias de resolución de problemas.

Seleccionar as técnicas adecuadas para calcular, representar e interpretar a realidade a partir da información dispoñible: manexar planos, cartografía (números, símbolos, lendas, etc.), realizar enquisas...

Seguir determinados procesos de pensamento (indución, dedución, etc.).

Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico

Relacionar a toponimia co medio. A toponimia describe o medio.

Adquirir conciencia do valor patrimonial dos topónimos.

Aprender cal é a organización administrativa do territorio.

Competencia no tratamento da información e competencia dixital

Aprender a manexar bases de datos.

Coñecer aplicacións informáticas relacionadas coa cartografía.

Coñecer e usar mapas interactivos.

Competencia social e cidadá

Reforzar as relacións cos seus ascendentes (pais, avós...) como posibles transmisores de coñecemento patrimonial.

Practicar as relacións sociais na procura de informantes.

Traballar en equipo na recollida ou análise da toponimia.

Competencia cultural e artística

Aprender que a toponimia é unha creación cultural compartida por toda unha comunidade.

Valorar os nomes de lugar como símbolos da nosa cultura.

Respectar o noso patrimonio lingüístico.

Identificar pormenores da historia do noso pobo através dos topónimos.

Competencia para aprender a aprender

O xogo reconduce a propia aprendizaxe do alumnado e refórzaa.

Axuda ao proceso de aprendizaxe. É unha boa estratexia para desenvolvela.

Serve para que se conciencen do que poden facer por eles mesmos e do que se pode facer coa axuda doutras persoas e recursos.

Xera motivación, confianza nun mesmo e no gusto por aprender.

Fai consciente o alumnado do que sabe e do que cómpre aprender, de cómo se aprende e de cómo se xestionan e controlan de forma eficaz os procesos de aprendizaxe, optimizándoos e orientándoos a satisfacer obxectivos concretos.

Permítelles coñecer as súas potencialidades e carencias, tirando proveito deles, favorecendo a motivación e a vontade para superar as dificultades.

Aumenta progresivamente a seguridade para afrontar novos retos de aprendizaxe.

Estimula a atención, a concentración, a memoria, a comprensión e a expresión lingüística ou a motivación do logro.

Permite obter un rendemento máximo, colectivo e personalizado coa axuda de:

Distintas estratexias e técnicas.

Coa observación e o rexistro sistemático de feitos e relacións.

O traballo cooperativo.

A planificación e a organización de actividades e tempos de forma efectiva.

Facerse preguntas.

Identificar e manexar diversas respostas posibles ante unha mesma situación ou problema utilizando estratexias e metodoloxías que permitan afrontar a toma de decisións, racional e criticamente, coa información dispoñible.

Obter información -individualmente ou en colaboración- para transformala en coñecemento propio, relacionando e integrando a nova información cos coñecementos previos.

Autonomía e iniciativa persoal

Aplicar os novos coñecementos e capacidades en situacións parecidas e contextos diversos.

Perseverar na aprendizaxe

Ser capaz de autoavaliarse e autorregularse; responsabilidade e compromiso persoal; saber administrar o esforzo; aceptar as normas, os erros e aprender de e cos demais.

Actividades de ensinanza-aprendizaxe

Aprender a "ler" distintos tipos de mapas.

Pídeselles que recollan topónimos. (Santiago aínda permite que o alumnado urbano se achegue ás aforas).

A actividade pode ser en grupo ou mesmo toda a clase co profesor ou profesora. Mesmo é posible que teñan un avó ou avoa que poida actuar de informante.

Conversas sobre o que podemos aprender da toponimia, sobre a importancia da súa conservación...
Recoller ditos, refráns, cancións, etc. con topónimos.

Xogos de roles (son enquisadores, enquisados, investigadores...).

Diálogo sobre a distinta función da toponimia na cidade e na aldea.

Crear territorios imaxinarios e darlles nomes.

Aprender a ortografía dos topónimos: uso das maiúsculas cos topónimos; contracción dos artigos con preposicións, etc.

Temporalización (exemplo de sesións para cinco días de traballo lectivo)

1ª Sesión

Levaranse á clase distintos tipos de mapas para explicarlles aos alumnos cuestións básicas (orientación, escala, etc.) e conceptos específicos de organización do territorio, Onomástica e Toponimia. Pódese reflexionar sobre as linguas e a toponimia, sobre a densidade toponímica, etc. Tamén poden inventar un mapa dun territorio e poñerlle nomes.

2ª Sesión

Introdución á toponimia do concello. Como está organizado o territorio. Toponimia urbana, toponimia rural; os nomes das parroquias; os nomes dos lugares ou aldeas; os barrios e as rúas, etc.. O estudantado pode levar á casa unha lista pequena de topónimos de todo o concello (10, por exemplo) e facer unha enquisa para intentar localizalos no mapa. Tamén poden recoller 10 topónimos do concello que non estean nesa lista e intentar localizalos.

3ª Sesión

Repaso rápido do tratado ata o momento, posta en común das dificultades que lles xurdiron, das cousas se poden aprender coa toponimia. Intento de "investigar" o significado dos topónimos e intento de clasificación. Explicación simple do xogo que se vai practicar na seguinte sesión.

4ª Sesión

Xogo de toponimia.

5ª Sesión

Reflexión sobre todo o aprendido. Pódense seleccionar unhas cantas preguntas do xogo e analizalas polo miúdo (deterse en todos os topónimos mencionados; intentar descubrir o significado dos "transparentes" con dicionarios e elaborar unha lista de topónimos "escuros"; comentar lendas ou feitos históricos; etc.). Preguntas sobre as dúbidas que lles xurdiron.

Recursos

Xogo de Toponimia

Nomenclátor de Galicia (<http://www.xunta.es/nomenclator/busca.jsp>)

Toponimia de Galicia (<http://toponimia.xunta.es/gl/inicio>)

Mapas do concello de Santiago de Compostela e roteiros da cidade.

Guía para unha intervención toponímica desde a escola de Xulia Marqués Valea:
(http://www.onomastico.org/descargas/Guia_didactica.pdf ou ilg.usc.es/agon/descargas)

Enredando cos topónimos con Rodari de Xulia Marqués Valea

SixPac (<http://emediorural.xunta.es/visorsixpac/>)

Google maps (<http://maps.google.es/>)

Bibliografía útil

Cabeza Quiles: *Os nomes de lugar. Topónimos de Galicia: a súa orixe e o seu significado*, Xerais, 1992.

Méndez, Luz: *Por que se chama así este sitio*, Ed. Lea, 2000

Anexos

Anexo 1_ Léxico

Onomástica: ciencia que estuda o nome propio. Divídese en:

Toponimia | topónimo: nome de lugar

Antroponimia | antropónimo: nome persoal

Toponimia: ciencia que estuda o nome propio de lugar.

toponimia urbana: a relativa aos nomes das rúas, prazas, etc. de vilas e cidades.

Topónimo: nome de lugar. Os topónimos poden ser simples (Marantes) ou compostos (Vista Alegre).

Patronímico: apelido procedente dun nome. *Rodríguez*, por exemplo.

Concello: unidade territorial en que se dividen as provincias.

Parroquia: unidade territorial en que se dividen os concellos. Tamén é unha división relixiosa. Toda parroquia ten como patrón un santo.

Aldea (*sinónimos: lugar, barrio, xuradía, barrete...*): unidade territorial mínima. Grupo de casas, normalmente en zona rural, cuxos habitantes se dedican a actividades agrícolas. Non se debe confundir con **pobo**.

Vila: núcleo de poboación maior ca a aldea e menor ca a cidade. Nos primeiros séculos da chegada dos romanos a Galicia, unha "vila" era unha casa rural coas súas dependencias para o gando e a agricultura e as terras agrícolas que a rodeaban. Non se debe confundir con **pobo**.

Cidade: núcleo de poboación grande e con moitos habitantes que se dedican a actividades non agrícolas.

Barrio (urbano): cada unha das partes en que se dividen as vilas grandes ou as cidades.

Pobo: conxunto dos habitantes dun territorio, cidade, vila ou aldea.

Localidade: aldea, vila ou cidade; núcleo de poboación.

Poboación: espazo habitado; conxunto de casas e espazos dun núcleo habitado.

Macrotopónimo ou **topónimo maior:** úsase normalmente para referirse ao nome de lugar (topónimo) dun núcleo habitado.

Microtopónimo ou **topónimo menor:** úsase normalmente para referirse ao nome de lugar (topónimo) dun lugar non habitado (monte, prado, camiño, muíño...).

Zootopónimo: topónimo referido a un animal.

Fitotopónimo: topónimo referido a unha planta.

Antropotopónimo: topónimo referido a un nome de persoa.

Hidrotopónimo: topónimo referido á auga.

Orotopónimo: topónimo referido ao relevo do territorio.

Haxiotopónimo: topónimo referido a fundación relixiosas e a santos.

Odotonimia: topónimo referido a vías de comunicación.

Étimo: raíz ou palabra da que procede outra.

Transparente (topónimo): que é moi claro ou que é fácil de coñecer o seu significado porque é unha palabra de uso común que vén no dicionario.

Escuro (topónimo): que non se comprende con facilidade porque non temos os datos precisos para interpretalo.

Setentrional: relativo ao norte (N).

Meridional: relativo ao sur (S).

Oriental: relativo ao leste (E ou L).

Occidental: relativo ao oeste (W ou O).

Anexo 2_lecturas

Introdución (Parte moi pesada onde se conta algunha cousa divertida)

Os nomes propios, aínda que non o pareza, teñen significado. Igual ca mesa, palabras coma Marta, Rufo ou Galicia queren dicir algo. A ciencia que estuda os nomes propios, que nos di o que significan, chámase **Onomástica** e ten tantas partes coma tipos de nomes propios se analizan. Así, os nomes das persoas estúdaos a **Antroponimia** (de antropo que quere dicir 'home' en grego). Os nomes dos ríos estúdaos a **Hidronimia** (de hidro, auga en grego). ¡Ata hai unha parte que estuda os nomes que se lles poñen aos comercios e aos bares e que se chama **Apoteconimia**! Os nomes de lugar, o do noso país, o da nosa vila ou aldea, que se chaman **topónimos**, estúdaos a **Toponimia** e vaste sorprenderte de todo o que estes nomes nos poden contar.

A xente ten un nome propio co que se presenta ("Ola, chámome Maruxa. Ti es Luís, ¿non si?"). Pero non só as persoas. A moitos animais dáselles tamén un nome. Pónselle nome a calquera animal ao que se quere. O teu can ou o dun amigo teñen nome propio. Os labregos tamén "bautizan" as súas vacas. Tal vez ata a túa casa teña nome. "Edificio Os Rosais", por exemplo, se vives nunha cidade ou nunha vila. "A casa do Quinteiro", se vives nunha aldea.

O lugar onde vives tamén ten un nome e de seguro que nunca te paraches a pensar qué pode significar, porque tódolos topónimos, que hoxe son nomes propios, foron nalgún tempo nomes comúns. Disto é do que imos falar neste libro. De por qué se chaman así as poboacións do noso país e qué significan os seus nomes. Aquí vas ter unhas pistas para chegar a ser un toponimista famoso (¿A que che gusta a palabra?), un detective privado que investiga os nomes de lugar. A profesión non está mal e, coma en todas, hai que prepararse moito para chegar a ser bo. Pero a lingua ten toda a maxia do mundo, como vas ver, e cando un se interesa por ela, é unha febre que non pasa nunca.

¿Quen lles puxo o nome aos lugares?

Algo que ten que saber un detective das palabras é quen as inventou. Nós falamos porque nos ensinaron os nosos pais; e aos nosos pais, os seus pais; e a estes os seus pais... E nós imos mudando a lingua e dicimos cousas que os nosos avós xa non entenden ben: videoxogo, disquete, roqueiro. E eles dicían cousas que nós hoxe non entenderíamos e que os seus avós non entendían. Se puidésemos viaxar para atrás no tempo... ¡Non nos iamos entender cos que vivían daquela! Un toponimista profesional ten que coñecer ben a lingua que falaban os antigos poboadores dos lugares que está estudando para poder sabe-lo seu significado. Algúns sitios teñen un nome tan vello que é difícil saber qué é o que quere dicir, porque se foi transformando moito a súa forma orixinal. Pero, só cun pouco de atención que poñamos, non é tan difícil descubri-lo que significan outros nomes de lugar. Os celtas, os suevos, os romanos, aqueles que viviron aquí antes ca nós, tampouco falaban tan distinto. Con todo, hai que ter moito tino porque non sempre as cousas son o que parecen. Tamén hai pistas falsas das que ten que escapar un bo profesional con sentido común. Por exemplo, no concello de Vilamarín, en Ourense, hai as parroquias de Boimorto e León. Podemos crer que os nomes teñen que ver cos animais, co boi e co león. Así o parece, aínda que se pensamos un pouco, bois sempre houbo en Galicia, pero leóns... Esa é unha pista falsa. Sospéitase que algúns dos lugares que se chaman León en Galicia veñen do nome de persoa LEO. E tamén se sabe que o nome da cidade de León é a forma que acabou tendo o latín LEGIONEM que significa 'lexión do exército'. (¡COIDADADO! ¡O topónimo Boimorto tamén ten unha trampa!).

Do libro *Por que se chama así este sitio?*

Unha primeira clasificación da nosa toponimia pode levarse a cabo segundo criterios semánticos, que permiten establecer grupos temáticos. Así, poderíamos considerar, por exemplo, os seguintes grupos de topónimos:

- Os que fan referencia ás características orográficas ou á constitución do terreo: Montouto (lat. 'monte alto'), A Lomba, A Costa [...]
- Os relativos á hidrografía ou ás augas: Foz, Esteiro, O Río, A Insua (península ou terra ou confluencia de dous ríos, do lat. insula, 'illa') [...]
- Os que se refiren a formas de asentamento humano, tipos de núcleos de poboación ou fórmulas de propiedade: Vila, Vilela, Vilar, Vilariño [...]
- Os referidos a construcións ou edificacións diversas e a establecementos industriais: Castelo, Pazo, Torre, Paredes [...]
- Os relativos á flora: Carballeira, Loureiro, Castiñeiras, Souto [...]
- Os que fan referencia á fauna: Lobeira, Oseira, Gulpilleiras (lat. VULPECULARIAS, de VULPES, 'raposa') [...]
- Os relativos a fundacións relixiosas e nomes de santos: Igrexa, Eirexa, Eirexe, Irixoa [...]
- Os formados a partir de nomes persoais [...]
- Poderíamos considerar nun último apartado os demais topónimos non incluídos nos grupos precedentes, aínda que tamén cabería clasificalos en grupos menores [...]

Outra posibilidade é clasifica-los topónimos atendendo ao estrato lingüístico do que proceden as palabras que os forman [...]

A toponimia de orixe prerromana é a que ten a súa orixe remota nas linguas anteriores á chegada do latín hai uns dous mil anos. Cómpre ter en conta, con todo, que moitas palabras de orixe prerromana pasaron ao latín falado no noso territorio e conserváronse no léxico do galego. Un exemplo ben común é o do substantivo carballo. O latín tiña unha palabra para designar esa especie arbórea (QUERCUS ROBUR), pero foi a voz prerromana a que se conservou na lingua, desprazando o nome latino (o cal deixou, non obstante, restos na toponimia: Reboredo, Reboreda, etc). Deste xeito, os numerosos topónimos derivados do nome do carballo, aínda que formados a partir dun tema de orixe prerromana, son seguramente na súa totalidade creacións romances. Cando unha voz de orixe prerromana perviviu ata hoxe na lingua común, os topónimos emparentados lexicamente con ela resultan relativamente doados de identificar e de interpretar no que se refire ao seu significado. Pero moitos elementos lingüísticos indiscutiblemente prerromanos só perviviron na toponimia, e unicamente podemos determina-la súa orixe e o seu significado establecendo vinculacións e equivalencias dentro do propio sistema toponímico galego ou en relación co doutras áreas xeográficas onde presumiblemente se falaban linguas próximas ou idénticas ás faladas na Galicia prerromana.

A toponimia de orixe prerromana é en xeral moi numerosa, e ten especial presenza na toponimia maior. É natural que os topónimos de maior importancia xeográfica ou histórica fosen os máis perdurables ao longo dos séculos. Moitos dos nomes das nosas vilas e cidades (Tui, Betanzos, Noia, Carnota, Corcubión, Arzúa, Sarria, Arteixo, Cangas...) de comarcas (Barbanza, Bergantiños, Valdeorras, Barcala, Lemos...) e dos grandes ríos (Miño, Sil, Ulla, Tambre. Támega, Eume, Limia, Eo, Deva, Masma, Mandeo, Arnoia, Avia...) teñen a súa orixe nas linguas dos pobos que habitaron Galicia antes dos romanos.

É moito o que aínda se descoñece acerca destas linguas. Precisamente a toponimia é unha das fontes principais para o coñecemento dos pobos prehistóricos da antiga Gallaecia e da situación lingüística do noso territorio con anterioridade á chegada do latín [...]

Dos estratos lingüísticos posteriores ao latín, o principal é o aportado polos pobos xermánicos, que chegaron á península arredor do século V despois de Cristo. En Galicia establecéronse os suevos, fundadores do reino suevo de Galicia, que durou século e medio ata que foi asimilado polo reino visigodo. Suevos e visigodos, aínda que orixinariamente falaban linguas xermánicas (emparentadas, polo tanto, cos actuais alemán e inglés, por exemplo), integráronse lingüisticamente na poboación hispanolatina do territorio no que se asentaron, de xeito que do seu léxico común xermánico só conservamos algúns restos na lingua actual, e un número limitado de formas toponímicas como Lobios ou Saa.

Pero o principal aporte dos pobos xermánicos é, como dixemos máis atrás, o relativo aos nomes de persoa, algúns dos cales aínda teñen forte vixencia na onomástica actual. Como sucede cos nomes persoais latinos, dan lugar a topónimos principalmente a través da forma do xenitivo. Son topónimos derivados de nomes persoais de orixe xermánica Gondomar, Mondariz, Baltar, Allariz, Toiriz, Guitiriz, Sabarís, Ramil, Samil, Toimil, Guimaráns, Sandiás, Goián, Goiás, Senande, Rosende, Baamonde, Gustei, Recarei, Randulfe, Gomesende, Lebosende, etc.

Os topónimos de orixe árabe son infrecuentes en Galicia, en contra do que sucede noutras áreas peninsulares. Os existentes proceden polo regular de palabras do léxico común, que nos máis dos casos chegaron ao galego a través do castelán ou do portugués: Aldea, Almuína, Alcouce, Alfoz, Arrabaldo, Laranxeiras...

Fragmentos do limiar do libro *Os nomes de lugar*

Anexo 3**Relación de entidades de poboación do concello de Santiago de Compostela**

PARROQUIA	LUGAR
Aríns (San Martiño)	Andrade Aramio, O Cacharela, A Devesa, A Fornás Granxa, A Igrexario, O Lobio Pena, A Sanxuás Sobríns Torre Branca, A Vilacova
Bando (Santa Eulalia)	Bando de Abaixo Bando de Arriba Castro, O Pousada San Marcos Zaramacedo
Barciela, A (Santo André)	Alto, O Barciela, A Benavente Caluba, A Foca, A Fonte do Torno, A Igrexa, A Polveira, A Sigüeiro Valado, O Vintecatro, O
Busto (San Pedro)	Barcavella Casanova, A Castro, O Currais, Os Figueira, A Igrexa, A Neuro de Abaixo Neuro de Arriba Ramelle Vilaríño

Carballal, O (San Xulián) Castiñeira Pequena, A
Lamas
Piñeiro
Quintás, As
Tarrío

**Castiñeiríño, O
(Nosa Señora de Fátima)** Casal, O
Combarro, O
Lamas de Abade
Outeiro

Cesar (Santa María) Candelabeira
Casal, O
Casas de Arriba, As
Castro, O
Igrexa, A
Pousada
Torre, A
Tras Veá

Conxo (Santa María) Conxo de Abaixo
Conxo de Arriba
Curuxeira, A
Fervenza, A
Monte do Seixo, O
Nogueira, A
Pai da Cana
Ponte da Rocha, A
Ponte Pereda, A
Porto, O
Poza Real, A
Rial, O
Rocha Vella, A
Torrente
Volta do Castro, A

Eixo, O (San Cristovo)

Bornais
Eixo de Abaixo, O
Eixo de Arriba, O
Gaioso, O
Igrexario, O
Laranxos, Os
Pereiras
Piñeiro
Uceira, A
Valado, O

Enfesta, A (San Cristovo)

Aldea de Abaixo, A
Formarís
Frades
Gunín
Igrexa, A
Piñeiro
Reboredo
Sionlla de Abaixo, A
Sionlla de Arriba, A
Torre, A
Vilasuso

Fecha (San Xoán)

Albudiño
Camouzo
Fecha
Fontoade
Lamascal
Ponte Alvar, A
Roán
Vachao
Vilar do Rei
Vilas

Figueiras (Santa María)

Codesedas
Correxíns
Cova, A
Folgozo
Fontecova, A
Marmancou
Moas de Abaixo, As
Moas de Arriba, As
Piñor
Portela, A
Vrins
Xulacasa

Grixoa (Santa María)	Igrexa, A Marzo de Abaixo Marzo de Arriba Miramontes Ponte, A Valiña, A Vilar
Laraño (San Martiño)	Amañecida, A Barcia, A Casal, O Coira Igrexa, A Lamas Larañiño Munín Pardes Pardiñas de Abaixo Pardiñas de Arriba Reibó Rial, O Santomil
Marantes (San Vicente)	Agalada Cortos Gosende Lameira, A Marantes Outeiro, O Ramil Rúa Travesa, A Torre, A Vila Fernández Vilar
Marrozos (Santa María)	Aldrei Ardagán Corexo Gamás Marrociños Sisto, O Susana, A Vixoi

Nemenzo (Santa Cristina) Barreiro, O
Chorente
Mallos, Os
Muíños, Os
Nemenzo de Abaixo
Nemenzo de Arriba
Paradelas de Abaixo, As
Paradelas de Arriba, As
Pedra, A
Vilariño

Peregrina, A (Santa María) Aradas
Bargo, O
Pardaces de Abaixo
Pardaces de Arriba
Peregrina, A
Sarela de Arriba

Sabugueira (San Paio) Albarde
Amarelle
Casais
Castiñeira Grande, A
Esquipa, A
Lameira, A
Lavacolla, A
Mourentán
Neiro
Pontillón, O
Praza, A
Requesende
San Paio
Sionlla, A
Vilamaior
Xan Xordo

San Caetano (Santiago)

Bálsoma
Barral, O
Boisaca
Escarabuña, A
Garabal
Mallou de Arriba
Meixonfrío, O
Paradela
Pereiras, As
Rebordaos
San Silvestre
Son de Abaixo
Son de Arriba
Vilares, Os
Xesteira, A

San Lázaro (Santiago)

Amio
Casas do Vento, As
Cotaredo
Mallou de Abaixo
Paredes
Piñeiro
Porto do Medio, O

San Paio (Santiago)

Bar de Abaixo
Bar de Arriba
Casas do Rego, As
Casas Novas, As
Ponte de Santo Domingo, A
Ponte Sarela, A
San Paio do Monte
Sarela de Abaixo

**Santa Cristina de Fecha
(Santa Cristina)**


Belén
Diáns
Frensa
Gallufe
Gamil
Lamela
Roxido, O

Santiago de Compostela

Santiago de Compostela

Sar (Santa María)	Angrois Casas da Hedra, As Cruceiro de Sar, O Outeiro, O Picaños Pontes do Viso, As Vieiro, O Viso, O
Verdía (Santa Mariña)	Eirexe, A Insuas Lobra Quintáns Verdía de Abaixo Verdía de Arriba Vilar de Outeiro
Vidán (Divino Salvador)	Cantaleta, A Chouchiño, O Ponte Vella, A Rocha Nova, A Vidán
Villestro (Santa María)	Carballal Carlexo Feáns Fraíz Pedrido
Vista Alegre (San Xoán)	Burata, A Casal de Horta, O Casas Novas, As Cima da Eira, A Lermo Montes Ponte Pedriña de Arriba, A Romaño, O San Ignacio do Monte Torreira, A Vista Alegre Vite de Abaixo Vite de Arriba

a s a c r e b o r d a o s a b o c z a
r o r o a c a o c l t o c o p a h a a m
d a o d e v e n o a a g r n o r a n r a
e r i u g a n e m r a g c d n d r s a r
e a a s t **a t o p a n d o** e t e a i m e
m m d a e f o o n a s m a e a s r a l
z i i i e o i b s **c o m p o s t e l a** l
a o o a a r a r t d a s o o a r t m e e
i d a n l o i a e o n c s m r i a r d v
o x o s b m d l l c c o t p e b v o o o
a m a s u a r b a a n d e o l a o f s ñ
l x o b d ñ e a i s n o l s a d o n t a
l a a r i o v i n t e c a t r o i r i m
o u d i ñ o o e s r o h u e s n a d a o
o b r a o a n l v o r o u l u a a c a r
o n x o f e c h a n i u o a v s a a s o
s p a r n r i b s a a c l a m a a s d a
l i a c a s t n i b
ñ ñ v r i n s r a a
a o a s o q u i g r
c o r n e s n e a c
e l r a b i e i c s r a m o i n t e l i



CONCELLO DE
SANTIAGO



activa o galego

CONCELLARÍA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA